

ANEXO III

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA CARTA DE MOTIVACIÓN

Criterio de avaliación	0	0,25	0,5	0,75	1
Describe de xeito preciso, detallado e coherente o seu proxecto e obxectivos de mobilidade.	Non describe o seu proxecto de mobilidade nin menciona obxectivos.	Fai mención do seu proxecto de mobilidade, menciona obxectivos e non aporta detalle sobre os mesmos.	Describe o seu proxecto de mobilidade con algunha concreción e detalle. Menciona os obxectivos, pero con mínimo detalle de concreción.	Describe o seu proxecto de mobilidade en detalle. Menciona un número axeitado de obxectivos, con detalle e concreción, pero as ideas son pouco coherentes e realistas.	Presenta o seu proxecto de mobilidade e obxectivos con gran detalle, mostrando total claridade de ideas e coñecemento do que desexa observar e aprender.
Mostra un plan concreto sobre cómo introducir os coñecementos acadados na súa actividade docente e cómo estos van a ter impacto no noso centro.	Non mostra ningún plan sobre cómo introducir os coñecementos acadados na súa actividade docente.	Mostra un plan e menciona o impacto, pero sen precisar cómo introducir os coñecementos na actividade docente nin especificar o impacto destes no centro.	Mostra un plan con certo realismo e coherencia e menciona e explica en liñas xerais o impacto deste no centro.	Mostra un plan coherente e realista e explica con detalle o impacto deste no centro.	Mostra un plan moi coherente e realista con moita claridade e detalle, así como explica pormenorizadamente e con precisión o impacto deste no centro.
Explica en detalle, con visión realista e accións concretas, cómo vai difundir os resultados da mobilidade co resto da comunidade educativa.	Non explica, non presenta visión realista nin concreta das accións a realizar para a difusión dos resultados da mobilidade.	Explica sen detalles concretos, con visión subxectiva e irreal as accións para difusión dos resultados da mobilidade.	Explica cómo vai difundir os resultados da mobilidade co resto da comunidade educativa, pero con pouco detalle e concreción.	Explica cómo vai difundir os resultados con bastante detalle, pero as accións propostas son difusas e pouco realistas.	Explica con precisión de detalle, coidando as verbas e cunha visión realista, de xeito exhaustivo na concreción das accións de difusión dos resultados da mobilidade coa comunidade educativa.
Explica as accións que vai realizar para traballar de cara aos obxectivos educativos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 .	Non explica as accións que vai levar a cabo.	Fai mención dalgunhas accións a levar a cabo, pero sen entrar en detalles.	Explica con algunha concreción e detalle as accións que vai levar a cabo.	Explica as accións que vai levar a cabo, pero esta explicación é difusa e as accións pouco realistas.	Explica con gran detalle as accións que vai levar a cabo e mostra un gran coñecemento dos obxectivos europeos de desenvolvemento sostible na educación.
Mostra coñecemento dos principios básicos Erasmus+ e explica qué accións concretas vai implantar para cumprilas.	Non fai mención das normas Erasmus+	Mostra coñecemento dalgunha das normas Erasmus+ pero non todas. Non fai mención de ningunha acción destinada a cumprilas.	Mostra coñecemento das normas Erasmus+. Non fai mención de ningunha acción destinada a cumprilas.	Mostra coñecemento das normas Erasmus+. Menciona algunha acción concreta para cumprilas, pero de xeito difuso e escaso.	Mostra total coñecemento das normas Erasmus+ e menciona numerosas accións realistas e adecuadas para cumprilas.
Puntuación máxima total: 5					